“Dende África ao ceo”

(From Africa to Heaven)

GUIÓN CINEMATOGRÁFICO
CURTAMETRAXE

Primeiro premio
2º certamen de guións cinematográficos GALICIA-PORTUGAL
Federación de CINECLUBES DE GALICIA.
XVI Semana de Cine de O Barco de Valdeorras, 2003

AUTOR:
Antonio Palma Rico
antoniogaliza@yahoo.es

SEC. 1- PRAIA DO MAGREB- EXT. ANOITECER

As ondas golpean monótonamente os pés de CYNTIA. O seu pensamento está alí en fronte, nesa Europa que lle sorrí coa súa silueta ameazante. Ela tamén sorrí e mentres se lava, dá gracias ó ceo por atoparse alí e agora.

A auga do mar na súa cara e o choro de SANI devólvena á realidade, o seu sobriño recentemente nado berra na praia nos brazos de súa nai.

Súa irmá BIBIAN empéñase en exprimi-las súas mamilas na busca de alimento para calmar ó seu espido pequecho. Ó chegaren ata eles, CYNTIA busca un cueiro seco na mochila de súa irmá e intenta vestilo como pode. A tregua no salouco por fin se produce e é agradecida polas dúas irmás que se emocionan ó ver mamar a SANI. Os berros do XEFE DA EXPEDICIÓN dende a beira do mar chamándoas polo seu nome, prodúcelles unha volta nos séus corazóns. Chegou o momento.

As dúas pateras son distintas unha da outra. Na máis grande e desvencellada, un magrebí que demostra se-lo XEFE DA EXPEDICIÓN increpa a uns vinte subsaharianos, que se afanan por acomodarse. Na outra que parece recentemente arranxada, varios homes magrebís dispóñense a embarcar un groso fardo.

Ó chegaren BIBIAN e CYNTIA, un silbido agudo xurde do grupo de magrebís cara o outro extremo da praia; alí AMHED despídese da súa muller AISHA e da súa pequecha. O grupo chama de novo a AMHED que lles fai un sinal de resposta.

Mentres se acerca correndo entre as rochas, a súa mente vóa por encima dese mar que o separa do seu destino. Sorrindo saúda ó grupo que celebra a súa chegada e comeza a empurra-la patera.

A outra chalana xa está na auga. Xa abordo, o medo apodérase de BIBIAN que apreta ó seu minúsculo fillo contra o seu peito. O arranque do motor fóra-borda sobresáltaa e o inmediato golpe da outra embarcación faila perde-lo equilibrio. AMHED, con case medio corpo na auga, agárraa forte do brazo e axúdaa a volver á súa posición. CYNTIA mírao agradecida mentres AMHED sorrí entenrecido ó ver que SANI está a miralo fixamente.

O XEFE DA EXPEDICIÓN cruza unhas miradas cos magrebís. AMHED sobe á súa patera, pon en marcha o motor e asegura a carga. Mentres o fai, todo o grupo cruza un sorriso de complicidade.

CYNTIA xa non sorrí, na súa patera ninguén rí. De novo sobresáltaa o salouco de SANI que o ruído do motor engule, mentres todos miran aterrorizados a masa de auga que teñen en fronte.

As últimas luces do día ven partir as embarcacións cara o seu destino. AISHA suspira pola sorte de AMHED e chorando, abraza á súa filla nova.

A ondada é testemuña de tanta incertidume. A terra, o mar, o ceo, contáxianse de negrura.

(fonde a negro)

TÍTULO

DENDE ÁFRICA AO CEO
(From Africa to Heaven)

SEC. 2- A BORDO PATERAS- EXT. NOITE

A silueta das dúas pateras irrompe entre a ondada. A dos subsaharianos vai diante pilotada polo XEFE DA EXPEDICIÓN. Unha lámpada de gas sinálaa entre as ondas, o traqueteo do motor demostra o seu exceso de carga.

BIBIAN intenta de novo darlle o peito ó seu fillo mentres CINTYA esquiva a un mozo que comeza a vomitar escandalosamente. O resto dos ocupantes alónxanse del como poden. Apiñados, aproveitan a proximidade da lámpada para quentarse. A luz, vislumbra o medo nas faces e a présa nos corazóns, de tanta mocidade chegada das afastadas montañas do centro e oeste de África.

Dalgunha remota aldea, tambores de cacería inundan o ambiente atemorizando á presa.

AMHED observa dende a outra patera mentres suxeita firmente o puño do motor. Un dos magrebís vixía o horizonte e os outros entusiasmados desenrolan o fardo. Por fin descobren o seu contido, un motor máis grande que rápidamente se dispoñen a colocar. Todos eles celebran o acontecemento e resolven contas rápidamente.

AMHED sorrí esperanzado, o seu pensamento voa dunha costa a outra. Pero detense na outra patera, recordando aquela mirada que horas antes tamén lle fixera sorrir, agora xa non pode facelo.

Agora SANI dorme nos brazos de CYNTIA, que comproba que o medo non abandonou o rostro de BIBIAN. No outro extremo da patera unha MOZA SUBSHARIANA non perde de vista a SANI e á súa impávida nai. CYNTIA acurruncha ó neno e prega ó ceo na busca de refuxio.

As dúas embarcacións camiñan monótonamente ata esa enorme silueta escura que teñen enfronte. Parece que non queren chegar nunca.

Dende a aldea, os tambores son cada vez máis violentos ante a inminente cacería.

(Encadea)

SEC. 3-COSTA ESPAÑOLA, MAR- EXT. AMENCER

As primeiras luces do amencer empurran contra a costa ás dúas indefensas embarcacións.

O monótono ruído do motor adormeceu á maioría dos subsaharianos. O ulular das sirenas de dúas lanchas da policía costeira, irrompen no seu sono. O reclamo luminoso que levan delata a posición da patera. Unha terceira lancha incorpórase á persecución.

A destreza de AMHED e dos magrebís ó arranca-lo segundo motor; contrasta co pánico que impera na patera dos subsaharianos. Parece que vai naufragar.

CYNTIA asegura a SANI na mochila, pona no peito e abrázase a BIBIAN, algúns homes xa se botaron á auga. O XEFE DA EXPEDICIÓN intenta sen éxito tranquilizar ó resto de sub-saharianos mentres busca coa mirada a outra patera. Failles un sinal; a presa está a punto.

AMHED varía o rumbo e a súa embarcación diríxese á zona rochosa a toda velocidade. O XEFE DA EXPEDICIÓN sorrí satisfeito e vira violentamente a patera cara a praia. O inesperado do movemento sorprende fatalmente a CYNTIA e a SANI que xunto con dous homes, caen estrepitosamente pola borda. BIBIAN aterrorizada berra sen voz e a pesares dos forcexos con outras dúas mulleres que o intentan evitar, tírase á auga.

O XEFE DA EXPEDICIÓN aminora a marcha e as lanchas da policía aproxímanse irremediablemente á chalana dos sub-saharianos. Os que quedan a bordo pregan ó unísono coma nun ritual de morte. As luces dos focos iluminan ós ocupantes da patera que acaban de abordar.

As presas acorraladas quedan inmóbiles polo medo.

SEC. 4A- COSTA ESPAÑOLA, ROCHAS- EXT. AMENCER

A lancha de AMHED e a dos seus está abandonada, as ondas golpéana contra as rochas. Os seus ocupantes gavean con axilidade entre elas, ata unha zona de dunas.

Naquela aldea redobran os tambores de cacería.

Un todo-terreo da garda civil aproxímase, del descenden varios axentes dispostos á caza.

AMHED, que xa acadou o canaval, corre máis cos seus compañeiros e adiantase entre a estreiteza da vexetación.

Máis atrás, un dos magrebís cae fatalmente ó chan entorpecendo a fuxida dos demáis. Os policías bótanse enrriba e entre as canas, albíscase o encontro entre o cazador e a súa presa. Esta circunstancia dalle ás a AMHED na súa fuxida.

SEC. 4B- COSTA ESPAÑOLA, PRAIA- EXT. AMENCER

O chifro dun garda civil marca a fin da cacería. Varios vehículos chegan.

Na praia varios homes loitan por saír da auga, un deles arrinca a foto do pasaporte e sotérrao baixo a area.

As ondas traen á praia os restos da traxedia: un gorro, unha camiseta, un zapato sen amallós... a mochila de BIBIAN.

A policía ordena na praia o agrupamento dos subsaharianos; o XEFE DA EXPEDICIÓN forcexa con dous HOMES, parece que agochan algo entre as súas roupas; esta circunstancia alerta ós axentes. Entre o barullo albíscase a CYNTIA que anda mirando a un e a outro lado.

Varias mulleres comezan cánticos e comezan a bailar de ledicia dirixindo a súa mirada cara ó ceo. O choro de SANI estoupa no medio do grupo e varios policías abrense camiño buscando ó neno que chora.

Unha asustada CYNTIA cun espido SANI entre os brazos, intenta sen conseguilo calma-la súa choremia, ó seu lado a MOZA SUBSAHARIANA non lle quita ollo de enriba. Os axentes levan rápidamente a CYNTIA e o neno cara un vehículo, as mulleres seguen cantando ó unísono.

As ondas abalan ó corpo de BIBIAN que que fica morta boca abaixo na area. Alí entre estraños descansa, mentres os cantos na aldea celebran a chegada dos guerreiros coas pezas recén cobradas.

<u>SEC. 5- ÁREA DE SERVICIO, GASOLINEIRA- EXT. DÍA</u>

A intensidade do tránsito mantén alerta a dous MOTORISTAS da garda civil que vixían a entrada da gasolineira.

AMHED, escondido entre a vexetación, observa dende lonxe como reciben un aviso pola radio, a reacción dos axentes revela que foron informados da súa fuxida.

O latexar do seu corazón acelérase ó tempo que un camión de matrícula estranxeira irrompe na área de servicio. AHMED reacciona coma un resorte e escorrega entre as canas ata o lugar onde se detén o camión. O CONDUCTOR diríxese hacia a tenda cando un axente se achega a el, solicítalle a documentación e pídelle que lle ensine a carga.

AMHED asiste agochado e inmóbil á improvisada inspección do interior do camión. No lateral da caixa, o policía descobre o oco onde se garda normalmente a lona e o seu armazón, comproba que está baleiro, pecha a porta e devolve os documentos ó camioneiro.

O garda civil volve xunto ó seu compañeiro mentres que o CONDUCTOR se diríxe ó edificio da gasolineira .

O corazón de AMHED acelérase de novo, só ten un instante para poder decidir.
Non o pensa máis, forza a pechadura da porta e métese dentro do oco da lona.

O lateral do pequeno habitáculo é unha rella metálica e os elementos mecánicos da transmisión quedan a poucos centímetros do seu corpo. AMHED rompe un cacho da tea da súa camisa e atranca a portiña dende dentro. O tamaño do seu escondite obrígao a permanecer encollido. A volta do conductor paralízao e faille conte-la respiración.

O escape do camión vomita os gases do motor mentres a suor se xéa na fronte de AMHED. As rodas móvense por fin e o camión pónse en marcha.

Os policías, seguros da súa inspección, asisten impasibles á partida do camión xunto coa súa inesperada carga.

O motor do camión xira vertixinosamente perindo os oídos do seu clandestino pasaxeiro.

SEC. 6A- CENTRO DE ACOLLIDA: RECEPCIÓN- INT. DÍA

O desconcerto reina entre os subsaharianos acabados de chegar ó centro de acollida. Hai policías e asistentes sociais por todas partes intentando organizar dúas filas: homes e mulleres. Nunha mesa un policía solicita a documentación, ninguén a leva.

Pola ventá vense varios magrebís esposados que camiñan custiodados pola garda civil.

Na cola, CYNTIA busca desesperadamente coa mirada a súa irmá, á vez que intenta de novo darlle o peito ó pícaro. O neno resístese a mamar unhas ubres sen leite e segue berrando.

Despois de da-los seus nomes CYNTIA sae da fila co neno nos brazos como se fosen nai e fillo, chégalle a quenda á MOZA SUBSAHARIANA que sorrí maliciosamente sabendo que non é así.

SEC. 7 A- CAMIÓN: BAIXOS, CABINA- INT. DÍA

AMHED segue inmóbil e entumecido, os séus lamentos revelan o incómodo da postura. A dor e o ruído do motor estano volvendo tolo e decide rezar en alto invocando a Alá.

Na cabina, o CONDUCTOR cantaruxea unha canción que escoita a todo volume na radio.

SEC. 6B- CENTRO DE ACOLLIDA: ENFERMERÍA- INT. DÍA

Un berro de SANI racha o aire, unha enfermeira acaba de porlle unha vacina no seu brazo espido.

A quenda é agora de CYNTIA que mostra mecanicamente o seu brazo, mentres segue a buscar a sua irmá coa mirada. Un xesto de dor invade a súa cara e as bágoas xurden dos seus ollos.

CYNTIA apreta contra a súa cara a SANI que segue chorando de dor, as bágoas de ámbolos dous mestúranse.

SEC. 7B- CAMIÓN: BAIXOS, CABINA- INT./EXT. DÍA

AMHED segue encaixonado no seu escondite, os seus ollos entreabertos delatan o cansanzo, parece que vai quedar durmido.

O CONDUCTOR activa os seus músculos faciais, o sono tamén parece dominalo e os seus ollos péchanse por un momento.

Inmediatamente ábreos para comprobar que a súa dirección é errónea e recupera a traxectoria dun volantazo.

A porta do habitáculo onde se atopa AMHED ábrese subitamente e cospe medio corpo de AMHED á estrada. Este agárrase onde pode mentres rosma atemorizado. Por fin consegue suxeitarse e colocarse na súa postura, asegura a porta de novo e suspira aliviado.

O eixo da transmisión do motor acompáñao de novo no seu perigoso periplo.

SEC. 6C- CENTO DE ACOLLIDA: COMEDOR- INT. DÍA

Un voluntario axustase unha luva de látex e comeza a repartir racións de comida entre os que acaban de chegar. Máis adiante outra persoa distribúe cartóns de zume.

CYNTIA segue buscando coa mirada perdida, mentres espera na fila con SANI nos seus brazos que continúa chorando sen parar.
A MOZA SUBSHARIANA que vai detráis ofrécese para facer calar a SANI, pero CYNTIA négase bruscamente. A malicia tórnase en resentimento na cara da rapaza. Un ASISTENTE SOCIAL trae un biberón que CYNTIA colle rápidamente e dallo ó neno.

Na entrada do comedor varios homes subsaharianos arremuíñanse arredor dun taboleiro de anuncios cando un asistente social pon unhas listas; pouco a pouco interésase cada vez máis xente.

CYNTIA dirixe os seus pasos mecánicamente ata o grupo, o seu corazón latexa moi rápido e tira o biberón. SANI recupera con forza os seus choros mentres súa tía faise paso entre os demáis.

A foto de BIBIAN morta resalta entre a lista do resto da xente. Ó chegares, CYNTIA berra e chora de dor; ó pouco entra en estado de shock. A MOZA SUBSAHARIANA apodérase de SANI rapidamente mentres os demais intentan suxeitar a CYNTIA que comeza a convulsionar.

Varios policías chegan inmediatamente e reducen a CYNTIA que consegue darlles varias patadas e rabuñadas ós axentes.

O grupo de subsaharianos disólvese e a calma volve ó comedor mentres que CYNTIA é levada arrastro pola autoridade.

SEC. 8- PERIFERIA DE MADRID- EXT. ANOITECER

A cantidade de vehículos evidencia a proximidade da capital. AMHED viaxa seguro no seu agocho. O camión desvíase nunha intersección.

A nave dun polígono industrial acaba sendo o destino da carga do camión. O CONDUCTOR efectúa a maniobra de atraque e detén o vehículo.

Por fin o motor pára, AMHED suspira aliviado mentres o CONDUCTOR descende e se introduce na oficina.

O vixiante da entrada ó polígono non se dá conta de que AMHED sae do recinto en dirección á autovía. Mentres se apura, mira ó ceo dando gracias a Alá e encárase coa cidade que ten en fronte.

SEC. 9- CENTRO DE ACOLLIDA: CONTROL/ DORMITORIO- INT. NOITE

No control de enfermería SANI dorme placidamente no berce, o seu corpiño é minúsculo. A ENFERMEIRA mírao con agarimo e atención.

Nun extremo do dormitorio un axente de policía custodia a CYNTIA, ó XEFE DA EXPEDICIÓN e a outros dous HOMES. Cada un deles está esposado ó seu respectivo cabezal.

CYNTIA non pode durmir e quéixase dun golpe na meixela. Incorpórase e mira pola xanela buscando o ceo, compañeiro de viaxe. As bágoas non lle permiten ver a lúa con nitidez. Parécelle oír chorar a SANI por tódalas partes e desespérase.

Todo o seu mundo se abanea ó seu redor e a súa tristeza é inmensa. Sente que nunca volverá a ter a SANI entre os seus brazos. O seu choro é silencioso e profundo.

(Fonde a negro)

SEC. 10- CENTRO DE ACOLLIDA, DORMITORIO/PATIO- INT/EXT. AMENCER

Un grupo de autoridades irrompe no dormitorio precedidos por fotógrafos. A expectación instálase entre os recentemente chegados.

A ENFERMEIRA sae do dormitorio con SANI entre os brazos e os fotógrafos disparan os seus flashes cara el. O neno comeza a chorar e este detalle fai rir ós presentes que o celebran con mais fotografías de grupo.

Tódolos ocupantes do dormitorio vanse achegando á improvisada sesión fotográfica e acaban posando nas fotos con SANI e coas autoridades. A MOZA SUBSAHARIANA mira con resentimento ó neno desde un recuncho da estancia..

No fondo do dormitorio as camas que ocupaban os detidos están feitas e baleiras. No patio acaba de chegar unha furgoneta.

CYNTIA e o resto dos detidos desfilan esposados no patio cara o furgón de policía no cal son introducidos. CYNTIA volve a súa testa unha e outra vez antes de subir ó vehículo.

Finalmente a sirena do furgón ó marchar rompe a actividade fotográfica e faise o silencio no dormitorio. SANI chama a súa tía a berros.

SEC. 11– MADRID, AVENIDA- EXT. AMENCER

Unha UVI-móbil pasa a toda velocidade e inunda a avenida de sirenas, a cidade esperta a golpe de urxencias.

AMHED sae do metro coma un resorte e mira entusiasmado cara tódolos lados. Non o pode crer, como botaba de menos á súa muller e á súa pequecha. Lembrábase incluso daquela mirada de SANI que lle fixo sorrir na praia. Mira cara o ceo e ergue as dúas mans en sinal de agradecemento.

Rebusca entre os petos e atopa un papel; consulta o mapa do metro, comproba a dirección e bótase a correr avenida abaixo.

A porta electrónica dun garaxe dá paso a un luxoso automóbil. AMHED chega correndo a sua altura no momento de incorporarse o coche á estrada. Detense un momento para facilitarlle a manobra.

Unha impresionante explosión invade o ambiente. As lapas e o fume deixánse ver despois do enxordecedor ruído. No sitio no que se atopaba o automóbil, una morea de ferros está ardendo, restos humanos están esparexidos pola beirarua.

Varias alarmas dispararonse coa explosión, o medo volveu golpear o corazón de Madrid. Dende o ceo, as sirenas apodéranse de novo da avenida.

SEC. 12- ESTREITO DE XIBRALTAR, AVIONETA- EXT/INT. DÍA

Unha enorme hélice corta a silueta das costas de Marrocos. O mar Mediterráneo asiste con calma ó ir e vir do seu tráfico marítimo.

CYNTIA mira a través da xanela da avioneta. Os seu ollos xa non choran pero tampouco pestanexan, diríase que están mortos.

Ó seu lado atópase unha axente de policía. Máis adiante están os seus compañeiros da viaxe a carón de dous policías máis.

CYNTIA abandónase absorta nos seus pensamentos. Xa non lle queda tristeza, só pode lembrar a súa irmá e ó seu sobriño. Ela está no ceo e o neno logo estará cando o adopte unha familia.

De súpeto un pequeno sorriso acode ó seu rostro e volve mirar pola xanela pero agora cara ó ceo, parece que alí entre as nubes podía ver a súa irmá BIBIAN e a SANI. Alí estaban os dous xuntos sorríndolle, nese ceo que a acompañara na súa viaxe e que agora era novamente testemuña do seu destino.

SEC. 13- CENTRO DE ACOLLIDA- INT. DÍA (slow motion)

Unhas mans de muller aloumiñan a face sorrinte de SANI, o neno está vestido de branco e leva un gorriño de encaixe.

O canto máis ledo das mulleres mentres recollen a colleita, resoa de novo naquela remota aldea do oeste de África.

Uns brazos erguen ó pequeno e lévano coma polo aire a través de nubes de algodón. Algunhas mans aplauden ó seu paso e SANI non deixa de sorrir.

Uns brazos de muller reciben a SANI, acólleno e abrázano; outros brazos de home únense ós anteriores e aloumíñan tamén ó neno. SANI volve a súa pequena cabeciña cara tódalas partes, sorrí e empápase do cariño que o rodea.

As mulleres na aldea medran ó unísono os seus cánticos de vida e ledicia.

(comezan os créditos)

O 2 de novembro de 1.989 apareceron 18 cadáveres na praia dos Lances de Tarifa.

Dende entón, o Estreito de Xibraltar e as costas canarias de Lanzarote e Fuerteventura están a ser o escenario dun cruel destino que consiste na morte por naufraxio dunha altísima proporción de africanos/as que, xa sexa por razóns políticas ou económicas, viaxan cara á Europa da liberdade e da prosperidade. O prezo da viaxe pode chegar ata os 3000 euros.

A vida para os que sobreviven e non son deportados non é moito mellor. As mafias, as redes de prostitución e o tráfico de drogas atrapan inexorablemente a unha gran maioría.
Algunhas institucións e particulares adican desinteresadamene o seu esforzo na acollida e asistencia dos máis fráxiles.

On the 2nd of November of 1.989, eighteen corpses were found in Los Lances' beach in Tarifa.

Since them, the Gibraltar strait and the Canary coasts of Lanzarote and Fuerteventura have been the scene of a cruel destiny originated by the death by shipwreck of an enormous proportion of Africans who, whether for political or economical reasons, travel to the Europe of freedom and prosperity. The fare for the travel may reach 2500 euros.

Life is not so much better for those who survive and are not deported. Mafias, prostitution networks and drugs illegal traffic cruely catch most of them.
Some institutions and anonymous persons, unselfishly devote their effort in the taking in and helping of the weakest.

(seguen créditos)

-FIN-